



PLAN DIXITAL

CEIP Barrantes

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Os datos identificativos do centro educativo son os seguintes:

- Denominación: C.E.I.P. Barrantes
- Dirección: Mosteiro s/n. (Tomiño)
- CP: 36.749
- Provincia: Pontevedra
- Código de centro: 36 019049
- Teléfono e Fax: 986 62 26 51
- Correo electrónico: ceip.barrantes@edu.xunta.gal
- C.I.F. Q-8655050-B
- Páxina web (endereço): <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarrantes/>

As unidades de funcionamento do mesmo son 3 unidades de Educación Infantil (4º, 5º e 6º) xunto con 6 unidades de Educación primaria (1º,2º,3º,4º,5º e 6º); que compoñen un total de 99 alumnos e 13 mestres.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Barrantes está situado no Concello de Tomiño, localizado nunha área rural próxima ao centro do concello. No centro atopámonos inmersos en plena fase de adaptación a unha nova docencia influída por todos estes avances técnicos, introducindo entornos virtuais de aprendizaxe,

libros dixitais e o proxecto E-Dixgal entre outros. Ao longo dos últimos cursos, é fácil comprobar como a utilización das novas tecnoloxías é algo cada día máis demandado por parte de tódolos integrantes do claustro e os propios alumnos en canto a utilización de plataformas educativas e recursos de Internet, aplicacións e manexo de equipos informáticos.

Os efectos do uso xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual maniféstanse de forma especial no mundo educativo. É necesario, polo tanto, revisar a formación básica que deben recibir o alumnado e o profesorado, o método de ensino-aprendizaxe e os medios utilizados, adecuando a educación á realidade social na que estamos inmersos no centro educativo.

Resulta preciso facer unha análise da situación xeral do noso centro neste momento para poder deseñar un Plan Dixital real, eficaz e permanente co obxectivo principal de dinamizar as novas tecnoloxías no noso centro, facelas presentes e próximas, partindo da análise da realidade dixital do centro e o alumnado para aplicar os recursos máis axeitados a dita realidade, creando obxectivos aplicables no noso centro.

O Plan Dixital tentará afrontar os retos educativos que proveñen das novas realidades sociais, non soamente dende unha perspectiva baseada na procura de información, empregando as novas tecnoloxías, senón tamén creando espazos de interacción social no eido do intercambio de ideas e experiencias educativas diversas no alumnado.

En liñas xerais, as TICS tentarán dar soporte ós diferentes procesos de ensinanza-aprendizaxe que se levarán a cabo nas aulas, incidindo activamente na propia PXA. Ademais tentaremos garantir que tódolos espazos e aulas do centro dispoñan de material informático útil para poder desenrolar o plan sen dificultades.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A LOMLOE recolle no seu preámbulo as TICs como un dos principais ámbitos educativos sobre os cales debe xirar a modernización da educación, e chega a converterse nun dos obxectivos xerais da etapa de educación primaria (Artigo 17), onde se cita textualmente “i) Desenrolar as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, acadando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran”.

Tamén existen unha serie de competencias específicas relacionadas coa utilización das TICs, como a Competencia Dixital (CD) ou a Competencia Matemática en Ciencias e Tecnoloxía (CMCT), que nos fala da importancia do manexo dos recursos dixitais e informáticos. O certo é que as TIC trátanse de xeito recente na publicación das medidas educativas modificadas pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) publicada no BOE do 30 de decembro de 2020. Concretamente se fai referencia no seu preámbulo do seguinte xeito: “Así mesmo, o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e a comunicación en moitos aspectos da vida diaria acelerou profundos cambios na comprensión da realidade e como participar e participar nela, nas habilidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo vida, cultura e convivencia democrática, entre outras. Este cambio de enfoque require unha comprensión completa do impacto persoal e social de tecnoloxía, como este impacto é diferente en mulleres e homes e a reflexión ética sobre a relación entre tecnoloxías, persoas, economía e ambiente, que se desenvolve tanto na competencia dixital dos alumnos como na competencia dixital docente. En consecuencia, é necesario que o sistema educativo responda a esta realidade social e inclúe unha aproximación á competencia dixital máis moderna e completa, de acordo coas recomendacións europeas sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente”

A continuación cítase a contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital foi elaborado conxuntamente polo equipo TICS do centro e o equipo directivo, en colaboración coas persoas asesoras externas encargadas de guiar e supervisar o procedemento para desenvolver o propio plan. Entre outras accións leváronse a cabo as seguintes liñas de proxecto:

- Elaboración do INFORME SELFIE
- Realización do test de competencia dixital docente (CDD)
- Análise DAFO do centro
- Concreción do Plan de Acción (obxectivos)
- Redacción do plan completo no presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro contamos con **material informático propio** na maioría das aulas, no que destacamos o ordenador e encerado dixital interactiva (en adiante EDI). O equipo TICS é o encargado da planificación, xestión do mantemento e configuración de ditos sistemas informáticos; un dos membros (coordinador) dispón dunha hora semanal neste senso, o cal incide no bo aproveitamento dos recursos evitando así incidencias que puideran xurdir. Tamén se realiza unha revisión periódica por parte do equipo sobre as necesidades ou incidencias tecnolóxicas que poidan darse no centro con fin de solventalas de maneira eficaz, e recórrese de ser o caso a servizos externos como UAC (Unidade de Atención a Centros), ou UAC Premiun no caso dos equipos EDIXGAL.

Formación do profesorado: Todo o profesorado ten acceso ós cursos de formación relacionados coas TIC, ofertados dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, a través da plataforma FPROFE, xa sexa de maneira presencial ou online.

Adquisición de novos aparellos como impresoras, tabletas, altosfalantes e calquera dispositivo que os docentes ou o centro demande para a aplicación de distintos recursos, materiais ou metodoloxías que así o requiran ademais da dotación propia do programa E-dixgal (con ordenadores para cada alumno/a) e tamén para o profesorado que imparte docencia en quinto e sexto curso, ademais dos mestres especialistas.

Novas **vías de comunicación coas familias**. Actualización da páxina web do centro, aula virtual e creación e mantemento de distintos blogs temáticos publicados dentro da páxina do colexio. Emprégase oficialmente o servizo dixital educativo de Abalar Móbil como canle de contacto entre o equipo docente e as familias. Tamén cabe resaltar a creación dunha páxina de Facebook propia do noso centro, apostando así pola inclusión das redes sociais no contexto educativo, sendo conscientes do seu poder de difusión actual e tamén das limitacións normativas derivadas do seu uso.

Fomento de aprendizaxes colaborativas. O emprego do foro, dos distintos blogs e da páxina do centro xunto coas redes sociais, contribúen á comunicación asíncrona cos alumnos e familias, servindo para fomentar o proceso lecto-escritor establecendo canles de comunicación alternativas. Ademais existe unha estreita colaboración entre os distintos equipos do colexio como son o equipo de biblioteca, o equipo de dinamización das novas tecnoloxías, o equipo de dinamización da lingua galega, o equipo de actividades extraescolares e o equipo de convivencia, que buscarán un proxecto común para traballar dende todos os ámbitos.

Creación e emprego de **actividades multimedia** de diversa índole, como plataformas web, aplicacións específicas (software dispoñíbel nas tabletas do centro), ferramentas E-Dixgal ou recursos concretos de autoría propia dos mestres.

Moitas aulas contan cun "Recuncho TIC" dotado con ordenadores para desfrute do alumnado e traballo do profesorado. Agardamos mellorar este recuncho a tódalas titorías nun futuro próximo, conforme vaian chegando novos recursos para os equipos por parte da Consellería ou a cargo do orzamento do centro, aumentando o número de ordenadores e a súa funcionalidade.

En liñas xerais, a distribución do equipamento dispoñible no centro responde á seguinte listaxe:

RELACIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO E AUDIOVISUAL DO CENTRO	
Localización no centro e categorías	Listaxe de equipos
Sala de mestres (Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos)	2 ordenadores de mesa
Biblioteca (Uso na biblioteca)	5 Ordenadores de mesa. 2 Ordenadores portátiles. 1 Ordenador de mesa central con Meiga. 1 Cañón de proxección Optoma. 6 Tabletas BQ Aquaris. 3 Ipad Apple. 1 Impresora LexMark
Dirección /Xefatura /Secretaría (Equipos de xestión e administración)	2 Ordenadores de mesa. 1 Portátil E-Dixgal 1 Cámara de fotos. 1 Equipo de música.
Aula de Pedagogía Terapéutica (PT)	1 Ordenador de mesa.

(<i>Aulas dixitalizadas</i>)	2 Xogos de periféricos (teclado e rato)
Aula de Plástica (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Proxector Xuntapad.
Aula de Música (<i>Aulas dixitalizadas</i>) (<i>Proxecto E-Dixgal</i>)	1 Equipo de música. 1 Portátil E-Dixgal. 1 Proxector Epson. 1 PDI SmartBoard 1 Portátil E-Dixgal
Aula de Audición e Linguaxe (AL) (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Ordenador de mesa Altofalantes
Aula de Inglés (<i>Aulas dixitalizadas</i>) (<i>Proxecto E-Dixgal</i>)	1 Ordenador de sobremesa 1 Portátil E-Dixgal 1 Portátil E-Dixgal
Departamento de Orientación (DO) (<i>Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos</i>)	1 Ordenador de mesa. 1 Tablet.
Educación Física (<i>Proxecto E-Dixgal</i>)	1 Portátil E-Dixgal
Aula de 4º de educación infantil (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Ordenador de mesa. 1 Proxector Panasonic. Altofalantes.
Aula de 5º de educación infantil (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Proxector Panasonic 1 Ordenador de mesa Dell Altofalantes.
Aula de 6º de educación infantil (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Proxector Epson. 1 Ordenador de mesa Dell. Altofalantes.
Aula de 1º de educación primaria (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Portátil HP. 2 Ordenadores de mesa. 1 Proxector Epson. 1 PDI IQ Board.
Aula de 2º de educación primaria (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	2 Ordenadores de mesa. 1 Proxector Epson. 1 PDI IQ Board.
Aula de 3º de educación primaria (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	1 Portátil HP Portátil ACER 1 PDI SmartBoard. 1 Proxector Benq
Aula de 4º de educación primaria (<i>Aulas dixitalizadas</i>)	2 Ordenadores de mesa 1 Portátil Altofalantes. 1 Proxector Benq. 1 PDI Smart Board.
Aula de 5º de educación primaria	1 Ordenador portátil HP.

(Aulas dixitalizadas) (Proxecto E-Dixgal)	1 PDI Smart Board. 1 Proxector Epson Altosfalantes con caixa de graves. 13 portátiles E-Dixgal (alumnado)
Aula de 6º de educación primaria (Aulas dixitalizadas) (Proxecto E-Dixgal)	1 Ordenador portátil HP. 1 PDI Samart Board. 1 Proxector Benq. 10 portátiles E-Dixgal (alumnado) Carro de carga E-Dixgal * No centro temos un equipo EDIXGAL de reserva para o alumnado.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Empregáronse principalmente dúas liñas de recompilación de datos para a súa análise, tal e como se amosa a continuación.

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	2,7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2
	Alumnado	2,7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	2,4
	Alumnado	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,2
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	4,3
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,9
	Alumnado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	
	Profesorado	3,1
	Alumnado	2,4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,7

Test CDD: de igual maneira inclúese tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>10</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
SUBSTITUTO	=	=	=
DESPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192),	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>81,8</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	<u>80</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri	<u>87,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	<u>3</u>	<u>25%</u>
B1	<u>6</u>	<u>50%</u>
B2	<u>2</u>	<u>16,7%</u>
C1	<u>1</u>	<u>8,3%</u>
C2	=	=
TOTAL	<u>12</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido tecnolóxico e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Conexión á rede.	Equipamento dixital insuficiente e obsoleto para uso do profesorado e desenvolvemento da función docente. Ausencia de equipamento para o alumnado nas aulas dende infantil ata 4º EP.
	PERSOAL DOCENTE	Implicación docente nos proxectos de centro. Elevada porcentaxe de profesorado definitivo.	Emprego de ferramentas dixitais non corporativas. Descoñecemento das licenzas de propiedade intelectual e protección de datos. Pouca competencia no manexo do sistema operativo ofertado pola consellería.
	PERSOAL NON DOCENTE	Voluntariedade para a participación en diferentes actividades.	Baixa competencia dixital.
	ALUMNADO	Interese na educación dixital. Boa competencia dixital. Dispositivos individuais en 5º e 6º de primaria.	Emprego recreativo das ferramentas dixitais en lugar do seu aproveitamento didáctico.
	FAMILIAS	Boa colaboración coas propostas educativas do centro. Dispoñibilidade de dispositivos dixitais.	Reticencia ao uso das ferramentas dixitais corporativas.
	OFERTA	Acceso a equipos informáticos con conexión á rede para as familias en horario de tarde.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Participación no programa EDIXGAL Baixa ratio do alumnado. Claustro pouco numeroso e implicado.	Insuficiencia de directrices a seguir.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta formativa en competencia dixital. Fondos para a posta en marcha de determinados proxectos.	Falta de tempo para o desenvolvemento das funcións docentes e de coordinación do centro. Limitación nas ferramentas dixitais corporativas.
	LEXISLACIÓN	Iniciativa no marco europeo para fomentar un plan dixital educativo dos centros. Presenza da competencia dixital nos currículos.	Diversas contradicións entre a dixitalización e a protección de datos.
	CONTORNA	Outros centros educativos próximos cos que traballar de xeito colaborativo.	Baixa competencia dixital das familias. Entorno familiar con difícil acceso a internet nalgúns barrios. Uso inadecuado das novas tecnoloxías.

	ANPA		Asociación moi pequena e cambiante cunha participación baixa de socios.
	OUTRAS ENTIDADES	Predisposición do concello a colaborar en diferentes propostas.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os diferentes obxectivos propostos para desenrolar o noso Plan de Acción específico para o centro tendo en conta toda a información exposta con anterioridade, xunto cos seus indicadores e accións correspondentes expóñense en formato de táboa a continuación.

"Área/s de mellora": A. LIDERAZGO						
1. OBXECTIVO (1):	Promover a comunicación coas familias a través das ferramentas corporativas (ABALAR) (A2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de familias do centro que empregan Abalar Móbil (expresado en porcentaxe) (enquisa)					
Valor de partida (3)	Porcentaxe aproximada do 50% (metade das familias aproximadamente)					
Valor previsto e data (4)	Totalidade das familias (100%)			Primeiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Informar ás familias do uso de Abalar como canle oficial de comunicación do centro.	Equipo directivo	Principios de setembro	Nota informativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Comprobar o coñecemento da aplicación por parte das familias	Titores/as	Primeira semana de outubro	Lugar para realizar a reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Asesorar ás familias sobre posibles dúbidas no uso da aplicación.	Titores/as Equipo TICS	Primeiro trimestre	Persoal docente e espazo de reunión.		Realizada	
					Aprazada	

	Equipo directivo				Pendente
--	------------------	--	--	--	----------

"Área/s de mellora": E: PEDAGOXÍA:APOIO E RECURSOS, D: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

2. OBXECTIVO (1):	Empregar as Aulas Virtuais maténdoas actualizadas por parte do profesorado. (E3*)	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Equipo TICS (admin AV)	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesores que empregan as aulas virtuais (en porcentaxe sobre o total do equipo docente) (observación continuada)	
Valor de partida (3)	Baixa porcentaxe do profesorado (10%) emprega a AV.	
Valor previsto e data (4)	Totalidade do profesorado (100%) emprega a AV.	Final de curso

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Adecuación da plataforma dixital (matriculación usuarios, creación de cursos, etc)	Equipo TICS	Setembro	Equipos informáticos e conexión á rede.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Información e formación ao profesorado.	Equipo directivo e Equipo TICS	Setembro e outubro.	Lugar de reunión, equipos informáticos e conexión á rede.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Uso habitual da plataforma.	Equipo docente	Todo o curso	Equipos informáticos e conexión á rede.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades tecnolóxicas do centro teñen que ver coa adquisición de equipos e sistemas que contribúan a mellorar a competencia dixital tanto do equipo docente coma do alumnado, e potencien a creación de propostas didácticas e o emprego de recursos tecnolóxicos no ámbito educativo. Amósanse de forma detallada e por etapas educativas a continuación.

Educación Infantil

- Faise necesaria a presenza dun **encerado dixital interactivo** (EDI) en cada unha das aulas, dada a gran cantidade de recursos dinámicos que permiten e a súa facilidade no manexo e desenvolvemento da grafomotricidade en idades tempranas.
- **Tabletas ou Ipads** para uso común de etapa, xunto con material e aplicativos asociados coma o OSMO ou taboleiros de debuxo para realizar actividades de lóxico-matemática, asociación e debuxo empregando realidade virtual.
- **Equipo informático actualizado** (ordenador de sobremesa ou portátil), xa que os existentes teñen compoñentes obsoletos e sistemas operativos antigos, o que orixina problemas de compatibilidade con aplicacións e plataformas modernas.

Educación primaria

- Cómpre instalar un **encerado dixital interactivo** (EDI) na aula de Pedagogía Terapéutica, xa que debido a súa versatilidade é un recurso didáctico de gran valor para realizar propostas adaptadas neste senso.
- Presenza dun **encerado dixital interactivo** (EDI) na aula de Inglés, para aproveitar a súa capacidade de interacción co alumnado na realización das tarefas propostas.
- **Equipo informático actualizado** (ordenador de sobremesa) no departamento de orientación, xa que o actual presenta problemas técnicos debido a súa antigüidade.

Nivel centro

- Necesidade de dispoñer de **tabletas novas** (17 unidades) para ter un mínimo de dúas por cada etapa educativa e poder empregalas a nivel aula para realizar propostas didácticas ligadas ás novas tecnolóxicas.
- **Cámara de vídeo** moderna para cubrir as diferentes conmemoracións no centro, realizar traballos de edición e montaxe de vídeos (cos aplicativos incorporados nas maquetas ABALAR dos equipos EDIXGAL) e poder participar nos concursos de curtametraxes que organiza a Consellería.

- **Equipo de gravación de son** e infraestrutura (cableado e altosfalantes) para poder iniciar a "radio na escola", e participar tamén nos proxectos relacionados como Concurso de Podcast-radio na Biblio organizados pola Consellería.
- Dende o centro creemos necesaria a **iniciación do alumnado na robótica educativa** como ferramenta para contribuír a adquisición das competencias clave relacionadas co ámbito tecnolóxico e computacional, potenciar a aprendizaxe por descubrimento guiado e desenrolar a capacidade de traballo cooperativo. A dotación de recursos sería adaptada aos diferentes niveis educativos en función da súa destreza e coñecementos previos, tal e como se amosa a continuación.

Educación infantil:

Emprego dos Bee Bot como inicio ao pensamento computarizado e linguaxe direccional

Material:

- Dotación de Escornabot-Bee Bot para as aulas en número suficiente
- Tapetes

1º CICLO

Emprego dos Escornabot como inicio ao pensamento computarizado e linguaxe direccional. Construción dos robot.

Material necesario:

- Dotación de Escornabot para as aulas en número suficiente
- Dotación de pezas variadas para montar distintos robots
- Tapetes

2º CICLO

Descubrimento de Microbit a través de Make Code ou Scratch, EduBlocks, Arduino

Material necesario:

- Placa Micro:bit V2: el kit básico para iniciarse en programación por bloques en número suficiente para traballar no grupo.

3º CICLO:

- Programación e pensamento computacional
- Robótica
- Impresión 3D

Material:

- Dotación de Kit Legos como puideran ser:
 - LEGO WeDo para construír e engadir sensores e motores conectando aos ordenadores.
 - Lego Mindstorm EV3,

4. Avaliación do plan

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No relativo a **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será publicado, previa aprobación no claustro de mestres e informado o consello escolar, na páxina web do centro e comunicado ás familias empregando ABALAR.

Por outra banda de seguido amósanse as **Ligazóns a protocolos de centro relacionados coas TIC** existentes con anterioridade ó presente documento e localizados na páxina web do centro.

[PLAN DE CONTINXENCIA](#)

[PLAN TICS](#)

[Plan de adaptación a situación Covid -19 no curso 21-22](#)

Xunta Sans, NM type - Xunta de Galicia 2020